

H. G. WELLS

A ILLA DO  
DOUTOR MOREAU

Adaptación de Judit Lligonya Tenas



## INTRODUCCIÓN

A historia que leredes de seguido narra un curioso episodio da vida do meu tío, Edward Prendick, que xa está morto. Nunca se atrevera a confesarlla a ninguén, porque o terían tomado por tolo. Mais, nunhas notas que atopei hai pouco, escribira todo o que lle acontecera, nunha illa do Pacífico Sur.

Todo comezou o 1 de febreiro de 1887. O meu tío embarcárase no *Lady Vain* en Callao, o porto máis grande do Perú. Ao cabo de 10 días, no medio do océano, o *Lady Vain* chocou contra outro barco e gran parte dos tripulantes morreron afogados. Prendick desapareceu sen deixar rastro. Todo o mundo creu que tamén morrera afogado.

11 meses máis tarde, uns mariñeiros atopárono sobre unha barca na que se lía *Ipecacuanha*. Estaba esgotado e aínda tremía. Tería sufrido moito. Prendick desexaba revelarlles todos os horrores que acababa de deixar atrás. Mais preferiu facer ver que non se lembraba de nada: sabía que non o crerían.

Despois de lerdes as notas do meu tío,  
poderedes decidir se credes ou non esta historia.  
Agora ben, deberiades saber  
que un barco chamado *Ipecacuanha*  
partiu de Arica, no norte de Chile, en xaneiro de 1887  
con distintos animais a bordo.  
Deste barco non se volveu a saber máis nada.  
É moita coincidencia, non credes?

## O *LADY VAIN*

Dez días despois de ter partido de Callao,  
a desgraza caeu sobre todos nós.  
O *Lady Vain* chocou contra un barco  
que se desviara da súa ruta.  
Sentimos unha sacudida moi forte.  
En poucos minutos, a auga inundouno todo.  
Todos corrían para subir aos botes salvavidas,  
mais non había sitio para todos  
e estes xa se afastaban mar aberto.

Valente e decidido, saltei do barco  
para nadar cara a algún dos botes.  
Os outros tripulantes tamén saltaron,  
mais moitos non foron o suficientemente áxiles,  
e morreron afogados polas ondas.  
Finalmente, conseguín subir a un  
onde había un mariñeiro e un pasaxeiro.

Era de noite e chovía bastante,  
e perdemos de vista os demais superviventes.  
As ondas íannos afastando máis e máis.  
Á mañá seguinte, cando o tempo calmou,  
os tres estabamos perdidos no medio da nada.

Tiñamos algo de comida e bebida,  
que colléramos do *Lady Vain*,  
mais a auga rematóusenos ao cuarto día.  
Cada vez sentiámonos máis débiles:  
se non facíamos nada, morreríamos deshidratados.

—Non temos suficientes provisións para os tres.  
Se queremos sobrevivir máis días,  
un de nós tense que sacrificar.  
—dixo o pasaxeiro coa voz apagada—.  
Botarémolo a sortes, cunha moeda.

Tocoulle ao mariñeiro,  
Mais era o máis forte de todos e non quería morrer.  
Atacou ao pasaxeiro coas mans  
e os dous caeron ao mar,  
onde afondaron coas quenllas.

Quedei só e, sen saber por que,  
púxenme a rir moi forte.  
Se tivese tido forzas para moverme,  
tería bebido auga do mar para tolear  
e morrer máis rápido.  
Antes de desmaiarme,  
vin unha pequena vela que se achegaba.

## O HOME QUE NON ÍA A NINGURES

Espertei na cama da cabina dun barco.  
Aquel cuarto era pequeno e estaba moi desordenado.  
Ao principio, sentíame moi desorientado:  
non lembraba nada do que me acontecera  
nin como chegara até ese lugar.

Un home alto e louro<sup>1</sup> observábame en silencio  
mentres estiraba a punta do seu bigote cos dedos,  
sen mostrar ningunha expresión cos ollos.  
Pasado un minuto, díxome:

— Recollémolo inconsciente dun bote.  
Pertencía a un barco chamado *Lady Vain*.  
Estivo desmaiado nesta cabina unhas 30 horas.  
Por sorte, teño coñecementos de medicina,  
e púxenlle unhas inxeccións que o reanimaron.  
Tróuxenlle alimentos e bebida para se recuperar:  
colla, colla, que o precisa!

Ao estirar a man, deime de conta  
de que os meus brazos semellaban sacos de ósos.  
Estaba moi delgado e desvalido.

---

1. De cor castaña moi clara ou dourada.

Despois de comer e beber, sentínme con máis forzas.  
Pouco a pouco, recuperei a memoria  
e lembreime do episodio do *Lady Vain*.

—Como se chama esta nave? Quen é vostede?  
Cara a onde nos diriximos? —pregunteille nervioso.

—Cálmese, rapaz. Chámome Montgomery.  
Estamos no *Ipecacuanha*, un barco de comercio.  
O seu capitán levoume a Arica,  
onde merquei algúns animais que precisaba,  
e agora volvemos á casa,  
a unha illa situada no Pacífico Sur.

De súpeto, escoitáronse ladridos de cans  
e berros de bestas salvaxes.  
Os ruídos procedían da cuberta do barco.  
Asustado, vireime cara á porta.  
Quería saber que estaba pasando fóra.

Montgomery tranquilizoume.  
Para el, aqueles sons debían ser normais.  
Cun sorriso malicioso,  
fíxome un xesto coa man para que o seguise.  
Fíxenlle caso, porque quedar só  
aínda me asustaba máis.

## A ETRAÑA FIGURA

Xa fóra do barco,  
Montgomery dirixiuse cara a unhas escaleiras,  
onde nos atopamos cun home moi estraño:  
tiña o corpo deformado, o pelo negro e espeso,  
e a cabeza afondada entre os ombreiros.  
Nunca vira nada semellante.

Cando ese ser nos ouviu detrás del,  
virouse coa habilidade dun animal.  
Vin que tiña a cara negra,  
o fociño moi saído e uns dentes enormes.  
E iso non era todo: os seus ollos eran avermellados.

—Animal! —dixo Montgomery—.  
Por que diaños non nos deixas pasar?

O home da cara negra apartouse sen dicir nada.

—Ti non tes nada que facer aquí! O teu sitio está na proa<sup>2</sup>  
—engadiu Montgomery.

—Eles... non me queren na proa —pronunciou  
esta criatura pouco a pouco e cunha voz ronca.

—Mais eu dígoche que vaias! —dixo Montgomery.

---

2. Parte dianteira dun barco.



Máis adiante, souben que era M'ling  
o axudante de Montgomery. Sempre o obedecía.

Cando chegamos ao piso de enriba,  
vin un montón de gaiolas<sup>3</sup> con animais,  
que o ensuciaran todo.

«Para que deben ser todos estes animais?  
Para vendelos, tal vez? Ou simples curiosidades?»,  
preguntábame cando, de súpeto, se ouviu  
un berro de M'ling, que corría escaleiras arriba  
perseguido por un home co rubio<sup>4</sup>.  
Era John Davis, o capitán do *Ipecacuanha*.  
Atrapou a M'ling e fíxoo caer ao chan.

—Alto, capitán! Este home é un pasaxeiro  
e non lle pode pór a man enriba  
—advertiulle Montgomery.

—Ide ao inferno! No meu barco fago o que quero  
—berrou o capitán, que ía moi bébedo.

—Mire, capitán, non pode tratalo mal.  
Vostede e os seus mariñeiros abusaron del  
desde que embarcamos —dixo Montgomery.

---

3. Caixa para ter dentro animais, especialmente salvaxes ou paxaros.

4. Cor castaña tirando ao vermello.



Rivas

—Non ve que está bébedo?

O que vostede diga non servirá de nada —engadín eu, vendo que o capitán era incapaz de razoar.

—Sempre o está. Vostede cre que iso lle dá permiso para maltratar a un dos seus pasaxeiros?

—O meu barco antes estaba limpo. Mirádeo agora!

—continuou o capitán, sinalando as gaiolas—.

Ademais, este maldito home voso, supondo que sexa un home, é un diaño!

O trato era levalos, a vostede e ao seu axudante, a Arica e devolveos á illa con algúns animais.

Mais non me imaxinaba todo isto!

Se volvo ver esta criatura tan horríbel por esta parte do barco, cortareille as malditas tripas! —ameazou.

—Cala! —díxenlle ao capitán bébedo, que estaba a piques de se bater con Montgomery.

Nunca ouvira palabras tan malas dunha tirada.

Dábame medo plantarlle cara ao capitán, mais estiven contento por ter evitado unha liorta